

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 13 de maio de 2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “Proxecto de decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia”:

“ANTECEDENTES

1. A secretaria xeral para o Turismo remite, o 15.02.2013, para o seu informe o proxecto de decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítase este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 a) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto é unha norma regulamentaria que se dita en desenvolvemento da citada Lei de turismo de Galicia.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencial apróbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula no seu título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II

“Medidas de promoción e fomento”, no artigo 93 as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

3. Observacións de mellora do texto

- A introdución no artigo 8, relativo a documentación que debe acompañar a solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia, na súa letra e) da garantía por parte do concello da seguridade en materia alimentaria do evento. Aconséllase unha nova redacción do ordinal 1do seguinte xeito:

1. A seguridade do evento, en especial da seguridade alimentaria, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

- Eliminar a disposición adicional, xa que na actualidade a declaración de festa de interese turístico de Galicia e condición para acadar a declaración de interese turístico nacional e internacional, polo que non é necesaria a citada disposición, ocasionando confusión coa súa redacción.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o *Proxecto de decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia*, pola a súa adecuación á normativa sectorial vixente.”